

EDLG DO
CEIP
RECIMIL

RECINOVA

UN CURSO MÁIS CHEGA A CELEBRACIÓN DO DÍA DA PAZ, E ESTE ANO QUEREMOS
PRESENTARVOS A...

Rigoberta Menchú Tum

Rigoberta Menchú naceu nunha vila de Guatemala no ano 1959,
dentro dunha comunidade indíxena e no seo dunha familia
descendente da cultura maia, sometida á explotación e á pobreza
extrema.

Desde ben nova sufriu a discriminación, as inxustizas e o racismo contra a súa
comunidade, e viviu a loita dos seus pais pola dignidade e a defensa da súa cultura e das
súas tradicións.

A meirande parte da súa familia foi asasinada, pero ela optou por loitar contra a represión
pola vía pacifista. Rigoberta Menchú involucrouse no movemento a favor dos dereitos da
muller, defendendo a liberdade e a dignidade do ser humano e dos pobos indíxenas.



No ano 1992 recibiu o Premio Nobel da Paz polo seu labor para a xustiza social, e tamén o Premio Príncipe de Asturias de Cooperación Internacional polo seu traballo en defensa e dignificación da muller.

Constituíu a Fundación Rigoberta Menchú Tum a través da que apoia aos pobos máis necesitados con proxectos de educación, entre outros.

Rigoberta Menchú deixounos frases fermosas sobre a paz que nos fan reflexionar.

Segundo ela “a paz non é só a ausencia de guerra; mentres exista pobreza, racismo, discriminación e exclusión dificilmente poderemos alcanzar un mundo de paz”.

E agora tócache a ti, ¿axúdasnos a descifrar a mensaxe secreta? É unha das frases que pronunciou Rigoberta Menchú.

Substitúe os números polas letras seguindo a orden que teñen no abecedario.

Despois copia o resultado.

**“*A* (15)(1)(23) *é* (6)(9) *ll* (1) (4)(1) (3) *a* (12)(21)(9) *u* (5)(12)(3) *i* (1),
d (1) (5)(4) *u* (3)(1) *c* (9) *á* (13) (5) *d* (14) (4)(9) *á* (10)(14)(7) *a*”.**

